

# Obradoiros de extensión universitaria

1º Cuadrimestre 2019/20  
Campus de Pontevedra



## Conectamos!

**MATRÍCULA ABERTA ATA CUBRIR PRAZAS  
NOVOS OBRADOIROS DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA**

DESTINADOS Á CIDADANÍA EN XERAL E UNIVERSITARIOS/AS

INFORMACIÓN E PROGRAMAS: [www.campuspontevedra.uvigo.es](http://www.campuspontevedra.uvigo.es)

INSCRICIÓNS E MATRÍCULA: [www.culturxest.uvigo.es](http://www.culturxest.uvigo.es)

Área de Servizos á Comunidade  
Escola de Enxeñaría Forestal  
Campus A Xunqueira  
T (+34) 986 802 024

Casa das Campás  
Rúa Don Filiberto 9-11  
36002 Pontevedra, España  
T (+34) 986 802 080  
[vic.pon@uvigo.es](mailto:vic.pon@uvigo.es)



# Obradoiros de extensión universitaria

1º Cuadrimestre 2019/20  
Campus de Pontevedra



## Conectamos!

+ información e programas:  
[www.campuspontevedra.uvigo.es](http://www.campuspontevedra.uvigo.es)



Universidade de Vigo

## INSCRICIÓN E MATRÍCULA

As inscricións e matrícula faranse online

**Inscricións:** preinscrición a través da web, na ligazón  
[www.culturxest.uvigo.es](http://www.culturxest.uvigo.es)

**Prazo:** Matrícula aberta ata cubrir prazas

**Matrícula e pagamento:** En canto se chegue ao número mínimo necesario para formar o grupo, as persoas que fixesen preinscrición recibirán unha mensaxe vía correo electrónico para que confirmen a súa reserva e efectúen o pagamento nun prazo de 48 horas.

**Comunidade universitaria:** 35 % de desconto no prezo da matrícula

Os cursos están recoñecidos con 1 crédito E.C.T.S. por cada 30 horas de traballo




## COMUNICATE COAS MANS. LINGUA E CULTURA DA COMUNIDADE XORDA

Coñecer unha lingua visoesxual. Examinar algunhas crenzas erróneas sobre as linguas de signos e a comunidade e cultura xorda. Iniciar aos alumnos na comunicación básica da lingua de signos española (LSE). Coñecer o contexto social, lingüístico, cultural e educativo no que se desenvolven as persoas xordas. Desenvolver nos alumnos unha actitude de respecto cara outras manifestacións lingüísticas e as minorías lingüísticas que as falan. Familiarizar aos alumnos cos recursos didácticos, publicacións e actividades sobre a lingua de signos e a comunidade xorda.

**Código:** 2019/730  
**Dirección:** Ana María Fernández Soneira  
**Datas:** Lunes e mércores  
De 16.00 a 18.00 h

**Horas:** 30  
**Número de prazas:** 20  
**Prezo da matrícula:** 40 €  
**Lugar de celebración:** Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación



## CONTROL DE SON E RADIO

Familiarización co posto de control de son nunha emisora de radio, así como o perfeccionamento no seu desempeño. Afondarase no coñecemento dos distintos elementos técnicos que interveñen no control, como a mesa de son analóxica AEQ BC2500, os micrófonos, o mesturador auxiliar de micros, o mesturador de auriculares ou os reprodutores de son.

**Código:** 2019/731  
**Dirección:** Aurora García González  
**Datas:** 4, 6, 7, 11, 13, 14, 18, 20, 21 e 25  
de novembro  
De 17.00 a 20.00 h

**Horas:** 30  
**Número de prazas:** 10  
**Prezo da matrícula:** 40 €  
**Lugar de celebración:** Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación. Estudio de Radio nº 2

## DESEÑO, IMPLEMENTACIÓN E AVALIACIÓN DE PROGRAMAS DE TERAPIA ASISTIDA CON CANS

Descubrir a importancia dos últimos avances científicos en tratamento non farmacolóxicos e a súa aplicación no proceso de enseñanza-aprendizaxe. Adquirir ferramentas necesarias para levar a cabo programas terapéuticos de educación asistida con cans profesionais nos centros escolares e centros de estimulación temperá e logopedia. Coñecer os elementos do sistema metodolóxico que deben configurar un programa terapéutico no ámbito curricular e extracurricular. Dominar os recursos e estratexias máis habituais no manexo de cans en terapias educativas. Realizar con seguridade un deseño de tarefas na aula empregando os cans como ferramentas terapéuticas.

**Código:** 2019/732  
**Dirección:** Margarita Rosa Pino Juste  
**Datas:** 12,13,14,19,20 e 21 de novembro  
De 16.00 a 21.00 h

**Horas:** 30  
**Número de prazas:** 20  
**Prezo da matrícula:** 40 €  
**Lugar de celebración:** Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte



## INTERPRETACIÓN E DIRECCIÓN DE ACTUACIÓN PARA A CÁMARA

Dar a coñecer as ferramentas do actor e das actrices no cinema. Practicar para desenvolver estas aptitudes ante a cámara. Acadar nocións básicas de:

- \_ A linguaxe cinematográfica e as súas particularidades: o plano, a secuencia o raccord.
- \_ Análise de guión. Como son as conversas entre directora e intérpretes entorno ao texto, cal é a búsqueda e cales poden ser as conclusións. Selección de escea para a práctica final.
- \_ Creación de personaxe. Diálogo entre dirección e intérpretes, casting, nocións básicas para entender as dinámicas dun casting.
- \_ A rodaxe. Filmación das esceas seleccionadas. O material audiovisual será entregado a cada un dos participantes ao final do curso e poderá ser usado como parte do su videobook.

**Código:** 2019/735  
**Dirección:** Anxos Fazáns Estévez  
**Datas:** 8,15,22 e 29 de outubro  
5, 12,19 e 26 de novembro  
3 e 10 de decembro  
De 16.30 a 19.30 h


**Horas:** 30  
**Número de prazas:** 10  
**Prezo da matrícula:** 40 €  
**Lugar de celebración:** Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación Plató de cine

## PROGRAMACIÓN DE MICROCONTROLADORES APLICADAS AOS ÁMBITOS DE ESTUDO NO CAMPUS

Achegamento ao estudo interdisciplinar da narrativa. Desenvolvemento das capacidades creativas mediante o coñecemento profundo dos elementos subxacentes á propia creación. Achegar aos alumnos á idea da interdependencia entre medios. Posibilitar a creación dun piloto para un proxecto persoal. Análise e estudo comparado entre videoxogos e literatura a través dos distintos elementos que compoñen a narración. Posta en práctica destes elementos mediante a elaboración de diferentes micro obras literarias e o deseño narrativo e de mecánicas para minixogos ou para un nivel de xogo completo.

**Código:** 2019/733  
**Dirección:** Esbeban Manuel Oubiña Lorenzo  
**Datas:** 1,3,8,10,15,17,22 de outubro  
De 16.00 a 19.00 h

**Horas:** 20  
**Número de prazas:** 10  
**Prezo da matrícula:** 40 €  
**Lugar de celebración:** Escola de Enxeñaría Forestal Laboratorio de innovación e deseño.



## XUSTIZA TERAPÉUTICA E PRÁCTICAS RESTAURATIVA

O taller pretende formar aos asistentes en prácticas fundamentadas no paradigma da xustiza terapéutica, que sostén que o Dereito e a aplicación do mesmo ten capacidade para potenciar o benestar das persoas. Este modelo insta a resolver non só o problema e conflito, senón tamén a causa que o motivou. Para acadalo incorpora ao sistema legal coñecementos e achados de distintas disciplinas, entre elas da psicoloxía, da criminoloxía e do traballo social. Neste taller en concreto, desenvólvense as habilidades e competencias necesarias para empregar as prácticas restaurativas tanto de forma proactiva como reactiva na resolución de conflitos de diferentes ámbitos (familiar, educativo, social, laboral, xudicial e comunitario).

**Código:** 2019/734  
**Dirección:** Francisca Fariña Rivera e María José Vázquez Figueiredo  
**Datas:** 25 de outubro  
8,15 e 29 de novembro  
De 16.00 a 21.00 h

**Horas:** 30 (20 presenciais e 10 non presenciais)  
**Número de prazas:** 30  
**Prezo da matrícula:** 40 €  
**Lugar de celebración:** Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte. Aula 10

